XALO

Comunidade titular: Parroquia de Sta. María de Celas (Culleredo)
Forma xurídica: MVMC
Superficie: 305 ha
N.º de comuneiras/os: 122 (27 mulleres, 95 homes)
N.º mulleres no órgano de goberno: 0 (de 7)

Pista forestal nas encostas do Monte Xalo

CONTEXTO

Situación

O Monte Xalo é unha cadea montañosa que se estende 3 km polos concellos coruñeses de Culleredo, Carral, Cerceda e A Laracha. Constitúe unha das zonas máis altas da costa da Coruña, sendo o alto do Anxelio o seu punto máis elevado a 519 m. O monte está dividido entre dúas comunidades, a de Castelo (121 ha), ao leste; e a de Xalo, ao oeste, pertencente á parroquia de Celas. A parroquia sitúase ao sur do Concello de Culleredo, na parte alta do Val de Veiga, contando con 9 entidades de poboación, situadas a 6 km da cabeceira municipal e a 16 km da cidade da Coruña.

AUTORÍA E CONTRIBUCIÓNS

Joám Evans Pim
Belén Albor Nimo
Nuria Freire
Daniel Canosa
Bruno Ruival
CMVMC Xalo

O Monte Xalo é unha Área de Especial Importancia Paisaxística

Síntese histórica

A primeira referencia documental ao monte aparece nun códice do mosteiro de Samos do ano 978 denominado "Gallo", mentres que noutro documento de 1112 aparece como "Galo". Pola súa parte, o topónimo Celas podería facer referencia a unha área de eremitorios, aínda que non hai vestixios destes ou doutras comunidades monacais. O certo é que o couto do Val de Veiga, xurisdición dominada pola Torre de Celas de Peiro, era de reguengo desde que así fora disposto por Afonso VIII no s. XIII, como alfoz da cidade da Coruña. Esta torre, parte dun castelo maior hoxe desaparecido, tivo grande importancia por controlar a ruta de paso que unía as cidades da Coruña e Santiago de Compostela, convertida desde o s. XII en Camiño Inglés.

Tal e como confirma o Catastro de Ensenada (1752), o Monte Xalo era chave no mantemento do réxime agrosilvopastoral, que chegaría á súa fin coa usurpación dos terreos polo Patrimonio Forestal do Estado. En 1939 realizaríanse as primeiras repoboacións da man do Distrito Forestal da Coruña. A parroquia de Celas non recuperou a titularidade do monte veciñal ata 1985. O dominio sobre a paisaxe deste monte fixo que fose escollido por Domingo Fontán en 1816 como un dos puntos de observación para elaborar o primeiro mapa científico da Galiza.

Ra do monte (*Rana temporaria parvipalmata*)

Carroucha veluda (*Erica ciliaris*)

Rola brava (*Streptopelia turtur*) [Saku]



Vista desde o Castelo de Celas (Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas)

VALORES DE CONSERVACIÓN

O Xalo, situado no límite da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, é o punto de confluencia de tres grandes áreas paisaxísticas (Golfo Ártabro, Chairas e Fosas Occidentais e Galiza Central). O Catálogo das Paisaxes de Galicia delimita tamén a Área de Especial Importancia Paisaxística (AEIP) Monte do Xalo, cunha superficie de 600 ha que engloba o monte veciñal e que comprende tamén o miradoiro Monte Xalo. A orografía do monte delimita catro bacías hidrográficas polas que discorren numerosos regos que verten aos principais ríos da contorna: o río Anllóns, ao oeste, catalogado como Zona de Especial Conservación (ZEC) da Rede Natura 2000; o río Barcés ao sur, catalogado como Espazo Natural de Interese Local (ENIL) e que desemboca na ZEC Encoro de Abegondo-Cecebre; os ríos Valiñas e Brexa cara ao norte, que rematan na ría do Burgo. A Estratexia de Infraestrutura Verde da Área da Coruña (EIVADAC) define o Monte Xalo como unha das zonas núcleo desta rede interconectada.

Destacan as Brañas do Torreiro, ao SO do monte veciñal, con hábitats de turbeiras altas activas (7110), medios transnacionais de carácter higroturbófilo (7140), depresións sobre sustratos turbosos do *Rhynchosporion* (7150) e queirogais húmidos (4020*). Outros hábitats presentes inclúen carballeiras (9230), soutos (9260), queirogais secos (4030), rochedos silíceos (8230) e pequenas pozas e lagoas (3130).

No territorio veciñal están presentes numerosas especies de anfibios como a ra patilonga (*Rana iberica*), a ra do monte (*Rana temporaria*) ou a ra das filgueiras (*Hyla molleri*), as tres coa condición de vulnerábeis no Catálogo Galego de Especies Ameazadas; así como aves como a tartaraña cincenta (*Circus pygargus*) e a rula brava (*Streptopelia turtur*), tamén incluídas nos catálogos de especies ameazadas. Foi proposta a clasificación do espazo como Zona de Especial Importancia para a Conservación dos Carnívoros (ZEICC Monte Xalo).

En termos de patrimonio cultural, destaca o xacemento do Castelo de Veiga, posto en valor logo dunha campaña arqueolóxica promovida pola comunidade. O asentamento, que aproveita o relevo e a orografía para formar un recinto defensivo de 0,1 ha, ten un gran control visual a longas distancias, pois permite observar toda a comarca das Mariñas. Tamén existe un grande acervo de tradición oral derivada da existencia de bolos e pedras antropomorfas como a da Pedra Gallada, As Picudas, Porta do inferno ou Pedra Pereirosa, así como de vías tradicionais como o Camiño dos Montañeses.

Miradoiro do val da Ermida de Ternande

Vista panorámica do Golfo Ártabro desde o Castelo de Veiga

BOAS PRÁCTICAS

Pagamento por servizos ecosistémicos

O carácter deste monte periurbano, nun contexto de alta densidade de poboación e cunhas características socioecolóxicas singulares, fai que o Xalo sexa un lugar de marcado uso público e provedor dunha variedade de servizos ecosistémicos. Entre os valores máis destacados está o de abastecemento de auga potábel, o que levou a que en 2016 se asinase un convenio co Concello de Culleredo no que se establecía un pagamento por servizos ecosistémicos. O convenio prevía a realización de investimentos previamente pactados coa comunidade por valor de 75 000 euros anuais, aínda que o acordo non se vén cumprindo nos termos establecidos. Este pagamento anual procuraba compensar unha xestión do territorio que redundase na dispoñibilidade hídrica para os núcleos de poboación da contorna e outros usos sociais, recreativos e deportivos. En 2024 a comunidade iniciou outro proxecto para captar patrocinios destinados á recuperación e mantemento das áreas de turbeira.

Recuperación do patrimonio arqueolóxico

En 2018 a comunidade de Xalo promoveu unha campaña arqueolóxica que deu a coñecer o xacemento do Castelo de Veiga: unha fortificación de pequenas dimensións, datada no s. X e situada nun promontorio granítico no lado oeste do Monte Xalo. Posteriormente, a comunidade e a Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas promoveron unha segunda fase de actuación sobre o xacemento do castelo.

A información obtida a través das dúas intervencións permitiu coñecer que a edificación estaba construída con estrutura de madeira sobre un afloramento rochoso, sendo abandonado logo dun incendio. No transcurso das intervencións rexistráronse un total de 359 pezas, incluíndo 244 fragmentos cerámicos. As intervencións achegaron datos sobre un período escuro do altomedievo, no que se multiplicaron as fortificacións deste tipo.

Recuperación de hábitats naturais

O Monte Xalo estivo orientado no último medio século á produción forestal, en base aos consorcios e convenios coa administración. A comunidade vén traballando para a recuperación de hábitats partindo dunha situación de notábel degradación. O proxecto de ordenación aprobado pola comunidade en 2017 establece un cuartel protector de 27,83 ha, que inclúe varias masas de castiñeiro e bidueiro e toda a zona de turbeiras, sendo o obxectivo aumentar progresivamente esta superficie.

Entre distintas actuacións realizadas pola comunidade, destaca a recuperación das nacentes da fonte das Meigas e a nacente do Anllóns, co obxectivo de que as persoas que visitan o Xalo poidan facer uso delas. A comunidade mantén unha colaboración estreita co Grupo Naturalista Hábitat, co que se organiza anualmente un encontro naturalista, roteiros e inventarios de biodiversidade. En 2020 realizouse unha plantación de frondosas con esta asociación e o voluntariado de ABANCA.

Visita educativa (Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas)

Servizos ecosistémicos

Defínense os servizos ecosistémicos como os beneficios que o ser humano recibe, de xeito directo ou indirecto, a partir das funcións dos ecosistemas. Isto inclúe servizos de soporte, necesarios para a produción dos demais servizos (formación do solo, ciclo dos nutrientes, produción primaria); servizos de abastecemento, obtidos directamente dos ecosistemas (comida, auga potábel, combustíbel, fibras, compostos bioquímicos, recursos xenéticos); servizos de regulación, obtidos a través da regulación dos procesos dos ecosistemas (regulación do clima, de doenzas, da auga); e servizos culturais (actividades educativas, recreo, turismo). Mesmo que o enfoque dos servizos ecosistémicos é eminentemente antropocéntrico, xa que valoriza os ecosistemas en base ao benestar humano que proporcionan, pode constituír unha oportunidade para os montes que enfocan a súa xestión cara á multifuncionalidade e conservación. Estes montes poden procurar acordos con administracións ou outros axentes que se benefician por determinadas prácticas de xestión dos territorios veciñais cunha compensación económica.

Queirogal húmido nas brañas do monte Xalo

Brañas na parte alta do monte Xalo

FONTES E RECURSOS

- Escola Galega da Paisaxe Juana de Vega (2023). Estudo de viabilidade da declaración como “paisaxe protexida” do Monte Xalo. Abegondo: ADR Mariñas-Betanzos.
- Grupo Naturalista Hábitat (2016). Informe da biodiversidade do Monte Veciñal en Man Común Xalo. Dispoñíbel en: https://montecomunalxalo.wordpress.com/2016/11/11/informe-biodiversidade-2016/
- Grupo Naturalista Hábitat (2020). O Monte Xalo dende unha perspectiva socio-ecolóxica [vídeo]. Dispoñíbel en: https://gnhabitat.org/o-monte-xalo-dende-unha-perspectiva-socio-ecoloxica/
- Lobato, X.; Pereira, C. (2018). Culleredo. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña.
- Nión-Álvarez, S. et al. (2018). “Metodoloxía para a integración dos servizos ecosistémicos dos montes veciñais en espazos naturais no seu plan de ordenación e xestión: unha aproximación dende a arqueoloxía e o patrimonio cultural,” Sémata, 30: 39-58. Dispoñíbel en: https://doi.org/10.15304/s.30.5219
- Rodríguez-Morales López, B. (2020). Analysis of the social perception of ecosystem services on peri-urban communal forest from northwest Spain: a social-ecological approach. [Tese de doutoramento, USC]. Dispoñíbel en: https://minerva.usc.es/entities/publication/973de7d3-0988-4daa-960c-2408ce8d5300
- Vilar Hermida, X.L. (1998). “As necrópoles de medoñas do Monte Xalo (e arredores)”, Esculca, 4, pp. 24-31.

A COMUNIDADE NA REDE

www.montecomunalxalo.wordpress.com (web CMVMC) www.montexalo.org (web Asociación Monte Xalo) montexalo

CAPRIf-CC

Socios:

Fundación Juana de Vega

CENTRO DE ESTUDIOS EUROREXIONAIS GALIZA NORTE DE PORTUGAL

montescola

CETEMAS
CENTRO TECNOLÓXICO FORESTAL Y DE LA MADERA

Financiado por:

GOBIERNO DE ESPAÑA
VICEPRESIDENCIA TERCERA DEL GOBIERNO
MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO

Fundación Biodiversidad

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU

CAPRIf-CC

O proxecto CAPRIF-CC conta co apoio da Fundación Biodiversidad do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITECO) no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea - NextGenerativoEU.